

**ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH**

Dirección do proxecto	
Nome: María José Pérez Fabello	
Enderezo electrónico: fabello@uvigo.es	Teléfono:
Co-dirección do proxecto	
Nome:	
Enderezo electrónico:	Teléfono:
Bienio	2021-2023
Número de participantes (máx. 4)	

Título

Innovación educativa: Unha proposta de aprendizaxe mediante estratexias de imaxes mentais

Resumo

Neste estudo desexamos saber como inflúe a utilización de imaxes guiadas e a capacidade de Imaxe na aprendizaxe dun contido académico. As imaxes mentais son froito da imaxinación e polo tanto desenvólvense na mente sen presenza dun estímulo externo, por exemplo podo pechar os ollos e imaxinar a fachada da catedral de Santiago. A imaxinación constitúe unha base importante da vida psíquica, actúa como soporte do pensamento e intervén nos procesos de coñecemento. Unha das características máis interesantes da imaxinación é a súa capacidade evocadora que permite ao individuo liberarse da contorna inmediata do mundo físico e construír un mundo interior distanciada da realidade. A súa aplicación na clínica e deporte é moi utilizada.

Nesta proposta de investigación utilízanse imaxes guiadas no eido educativo para deseñar un contido académico. Trátase de crear unha historia (apoiada con distintos formatos) para explicar un contido ou facilitar a aprendizaxe do mesmo. As/os participantes, a quen vai dirixido o contido, imaxinan a historia guiadas/os pola persoa experimentadora que a relata. Prepárase un deseño para comprobar as nosas hipóteses.

Obxectivo

Os obxectivos que se pretenden alcanzar con esta proposta de traballo de investigación son:

- 1.- Introducir ao alumnado no método científico a través do desenvolvemento dun deseño experimental.
- 2.- Coñecer os pasos do deseño experimental desde a proposta de hipótese, control experimental, recollida de datos, introdución de datos no ordenador, análise e interpretación dos mesmos e conclusións.
- 3.- Estudiar as posibilidades de novos métodos de ensino/aprendizaxe mediante o deseño de contidos con imaxes mentais guiadas.
- 4.- Promover o ensino activo a través da figura alumnado/docente, levando a cabo unha labor mediadora transferindo contidos adaptados ás súas coetáneas/os, o cal implica facilitar a aprendizaxe e fomentar a creatividade.

Plan de traballo

- 1.- Estudo do deseño e lecturas.
- 2.- Preparación o material. Creación de contido académico mediante imaxes mentais guiadas e preparación dos tests.
- 3.- Recollida de datos.
- 4.- Corrección e análise de datos.
- 5.- Interpretación e conclusións.
- 6.- Redacción dun informe de investigación.